

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

PERE COMELLAS, TRADUTOR AO CATALÁN DE TERESA MOURE

"O texto non é sagrado: non hai nada que traizoar"

[Pere Comellas](#) é profesor de Filoloxía Portuguesa na UB e investigador do Grup d'Estudis de Llengües Amenazadas. Tamén é tradutor de francés, portugués e galego ao castelán e ao catalán. Acadou o V Premio Giovanni Pontiero pola súa tradución ao catalán de [Chiquinho](#), de Baltasar Lopes.

Fina Iglesias - 10:17 21/02/2007

*Pere Comellas téñ publicados artigos nos que reflexiona sobre a tradución e estudos das literaturas africanas lusófonas. Do galego traduciu [A banda sen futuro](#), de Marilar Aleixandre; [O laboratorio do Dr. Nogueira](#), de Agustín Fernández Paz, e máis recentemente *Herba Moura*, de Teresa Moure -que vai estar esta [semana](#) en Barcelona-, premio Xerais 2005, que en catalán saíu do prelo como [Herba d'enamorar](#). A súa publicación máis recente é *Contra l'imperialisme lingüístic*. A favor de la linguodiversitat. Unha entrevista de Fina Iglesias.*

[Herba Moura](#) é unha obra extensa e cunha estrutura complexa: diferentes voces narrativas, diferentes rexistros. Iso axudoulle ou foi unha dificultade?

Naturalmente a complexidade dun texto supón un reto. Se che gusta traducir, a complexidade é un estímulo engadido, un aliciente, aínda que implique dificultades. Se cadra o maior problema para min era recoñecer axeitadamente os rexistros do galego, xa que o meu contacto con esta lingua sempre foi moi formal, académico. Por outra banda, a estrutura é un dos maiores valores do libro, e non pon necesariamente problemas de tradución, de xeito que axuda máis ca outra cousa. No tocante á textura das voces, Teresa Moure utiliza un punto de artificio sintáctico oralizante que é unha das cousas que máis me gustou do libro e que intentei reproducir en catalán tan ben como souben. E nisto tamén cómpre dicir que a revisión de [Josep M. Espinàs](#) contribuíu sen dúbida a pulir algunha aresta da tradución que quizais rascaba de máis. Pero en definitiva, a miña conclusión é que unha obra complexa e difícil dá máis problemas, pero ten moita máis graza.

Tradutore traditore, síntese traidor?

Esta frase presupón que todo texto ten un sentido único e inmutable, e que polo tanto pódese traizoar. Cada lector é necesariamente un tradutor. Ao ler cadaquén apropiase do texto, ata o punto que ás veces cando falas con alguén dunha novela, semella que non lera a mesma que ti. O mesmo autor fará lecturas diferentes do seu texto na medida que pasen os anos, e o mesmo tradutor non repetiría exactamente unha tradución nin que a fixese dúas semanas despois de rematar a anterior. A tradución non deixa de ser unha das infinitas

lecturas posibles. Eu non teño a estraña pretensión de ofrecer a verdade dun texto, senón unha recreación, unha reescritura. O texto non é sagrado: non hai nada que traizoar.

A temática lingüística do libro facilitoulle o traballo?

Realmente, en *Herba moura* hai tamén un tema de lingüística fascinante: a posibilidade do que no século XVII se chamaba unha lingua filosófica. Unha lingua non subxecta ás supostas imperfeccións das linguas naturais, que permitise expresar exactamente as auténticas esenciais das cousas; unha lingua absolutamente racional, que impedise o erro e a mentira. Naturalmente, a idea era un destes soños da razón que producen monstros, e a personaxe de Hélène intúello, porque sabe que a razón só é unha das dimensións humanas. Pois ben, á min esta vertente do libro paréceme moi interesante, e supoño que alguén pouco interesado na lingüística o atopará totalmente accesorio. Pero espero que iso non se note na tradución, porque nunha obra literaria sempre hai decenas de aspectos que poderíamos chamar de especialización. No libro tamén hai cousas de botánica (e non sempre me foi doado atopar os nomes comúns das herbas de Hélène), ou de filosofía, que a tradución ten que resolver.

Por que *Herba d' enamorar*?

O título é da editorial La Campana, non meu. E creo que é un acerto. A tradución literal tería que ser *morella negra*, que é o nome corrente da planta que aparece primeiro nos manuais de botánica en catalán. *Herba mora* tamén existe en catalán, pero encontrábamolles diversas pegas: unha, a case homofonía co nome da autora; outra, o feito que en catalán hai diversas denominacións vexetais co complemento "de moro", porque a expresión usábase para calquera cousa percibida coma exótica, lonxana: "blat de moro" (maízo), "figa de moro" (figo chumbo)... Pensamos títulos que se afastaban máis do orixinal, pero que tiñan a pega de poder confundir ao lector, sobre todo porque diferirían tanto da versión galega coma da castelá e poderían facer pensar que se trataba doutra novela. Finalmente *Herba d' enamorar* evitaba a homofonía, parecíase moito ao orixinal na forma e non desmentía nada o contido do libro, ao contrario, puña o énfase no uso dos coñecementos botánicos de Hélène como símbolo dunha visión do mundo máis holística, que transcendía a racionalidade sen negala e ao mesmo tempo reivindicaba o saber popular. E ademais era un título atractivo, publicitario.

Desde a súa visión como analista do tema, cre que se traduce dabondo do catalán ao galego e viceversa?

Quizais o problema non é tanto a cantidade -certamente pequena, pero moito máis grande que entre outras linguas- como as circunstancias destas traducións. A miúdo as decisións sobre tradución poñen en evidencia a situación do galego e do catalán como linguas satelizadas polo castelán. O mercado e a crítica en castelán con frecuencia fan de intermediarios: tradúcese o que o castelán consagra previamente. E iso non é san, é un síntoma de interposición. As linguas deberían ter unha relación directa, e logo que cadaquén traduza o que lle pareza mellor, pouco ou moito. Doutra banda, linguas como o catalán e o galego sofren outras desvantaxes graves. Por exemplo, a miúdo a tradución ao castelán dunha obra en catalán ou en galego faina o mesmo autor, e non sempre lla pagan. Mentres que as traducións ao catalán ou ao galego respectivamente si que necesitan un tradutor profesional. Así, a edición catalá ou galega sae xa de entrada máis cara de produción. Ademais, moitas editoriais en castelán tratan a tradución de autor coma se fose un orixinal e, dalgún xeito, apropiáanse do texto. Ás veces non din en ningures que é unha tradución -supoño que aducirán razóns comerciais, non o sei-, de maneira que o lector a le sen saber que iso vén doutra lingua. En fin, penso que o ideal sería manter unha boa relación directa, que as editoriais catalás tivesen lectores de galego e viceversa, que as dúas culturas se lesen mutuamente e sen interferencias, e que os críticos tivesen en conta o que se publica en todas as linguas, non só en castelán.

No seu derradeiro libro, *[Contra l'imperialisme lingüístic: a favor de la linguodiversitat](#)*, afirma que o catalán ten una "mala salut de ferro" e que non desaparecerá neste século. Co respecto ao galego, cal é a súa opinión?

De feito, eu non sei se o catalán desaparecerá neste século. O caso é que segundo as condicións de Krauss - o autor da famosa predicción que no século XXI desaparecerían o 90 % das linguas-, o catalán sálvase, e o galego tamén: teñen máis de cen mil falantes e un certo soporte das institucións políticas, cousa que non lles pasa a aquel 90% das linguas en perigo inmediato. Pero a cuestión non é en cal século desaparecerá unha lingua, senón se seremos capaces de crear as condicións que permitan a supervivencia da diversidade lingüística, é dicir, que eviten a substitución lingüística masiva arredor do mundo. De momento facémolo moi malamente. Eu sinto moito que o catalán estea ameazado, como sinto que diante da casa me poñan unha inmobiliaria en vez dun parque. Pero a discusión non é o catalán e o parque de diante da casa, senón o modelo global de democracia lingüística e o modelo urbanístico global. Quérennos convencer de que non necesitamos as linguas nin os parques, e está moi ben que protestemos pola propia lingua e polo propio parque. Pero temos que ser máis ambiciosos e esixir un mundo con parques e linguas, todas as linguas, as de todo o mundo. Dinnos que necesitamos as súas grandes linguas para mellorar de vida, e cando xa conseguiron que as falemos e esquecemos ás nosas, daquela nos retraen que non as falamos axeitadamente ou se rin do noso acento. É unha trampa ben groseira: os negros norteamericanos fai douscentos anos que falan inglés e iso serviulles de ben pouco para a promoción social. Non estou a dicir que non se teñan que aprender linguas, ao contrario, cómpre que as aprenda todo o mundo. O que cómpre evitar é que as desaprendamos.

Pódese considerar que temos "normalidade" editorial en Cataluña e en Galicia no que se refire a traducións e tamén a produción propia?

A normalidade é outra trampa. Que é normal? O que fa o mundo editorial castelán ou inglés?

No contexto da problemática das linguas na escola catalá, cre que a iniciativa da impartición de materias en lingua inglesa favorecerá o empobrecemento do léxico específico catalán?

Non creo que en linguas e aprendizaxe se poidan aplicar criterios tan lineais: se poño aquí, terei que sacar de alá. Seguro que as persoas podemos aprender moito máis que tres linguas, e a aprendizaxe dunha non ten que implicar necesariamente a perda doutra. Esta é a gracia, que, a diferenza da forma do nariz o da nacionalidade (ben, hai a posibilidade de dobres nacionalidades, pero en moi poucos casos), as linguas acumúlanse, súmanse. Agora ben, non entendo moito porque investimos enormes cantidades de diñeiro para conseguir aprender só inglés. Se o goberno dos Estados Unidos nolo pagase, pois ben, pensaría que quizais non é o mellor, pero nos vén saíndo gratis. Pero non, ao contrario, para o mundo anglófono iso é un gran negocio (e aínda din que as linguas son caras: depende de quen paga). E cando por fin teñamos conseguido que toda a xente saiba inglés, entón dirannos que é a nosa lingua común, e que vaia parvada máis antieconómica usaren outras, se xa nos entendemos todos.

A SÚA ESCOLMA:

Unha obra que querría traducir

Unha boa antoloxía de contos de Rubem Fonseca.

Unha tradución exemplar

A tradución de *Grande Sertão: Veredas*, de [Guimarães Rosa](#), ao catalán, feita por Xavier Pàmies.

Unha lingua para coñecer

Se un puidese meter un cedé na cabeza, mas poñería todas. Encantaríame poder falar unha lingua tonal, como as sinotibetanas ou boa parte das africanas. Ou unha cunha tipoloxía ben diversa do catalán, coma o vasco. Por desgracia, non teño facilidade ningunha.